



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO
DO CONSELLO SOCIAL DO 29.12.2025**

LUGAR: Casa das Campás. Pontevedra.

DATA: 29.12.2025

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 14:15 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
Gómez Xunqueira, Demetrio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Alonso, David
Martiño Gómez, Antonio
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Veites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:

Caparrini Marín, Natalia
Lima González, Estela
García Míguez, María de los Ángeles
González Pérez, José Ignacio
Novoa Fernández, Luis
Santamaría Conde, Juan José

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O luns, día 29 de decembro de 2025, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.11.2025).
2. Informe do presidente.
3. Presentación do Informe de Transparencia da Universidade de Vigo 2025. Incidencia do Consello Social. *(Comisión Económica do 18.12.2025).*
4. Informe da Xerencia sobre a Auditoría do Plan de Medidas Antifraude da Universidade de Vigo. *(Comisión Económica do 18.12.2025).*
5. Informe do reitor.

Propostas, acordos e informes da Comisión Económica do 18 de decembro de 2025

6. Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2026.
7. Aprobación, se procede, do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.
8. Aportacións e suxestións do Consello Social, se proceden, respecto das Normas de execución do orzamento da Universidade de Vigo.
9. Orzamento do Consello Social para o exercicio 2026. Estimación do peche do exercicio 2025.
10. Asuntos económicos pendentes: Informes solicitados á Xerencia.
11. Outros asuntos: Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin-off NexoInn. Convenios asinados en setembro, outubro e novembro de 2025.
12. Informe que proceda sobre o cambio de denominación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE) polo acrónimo CIDEGA. *(Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).*
13. Informe que proceda sobre o cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) polo de Instituto de Investigación en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial (IFCAE). *(Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).*
14. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón da Asociación de Tradutores Galegos á Universidade de Vigo. *(Consello de Goberno do 22 de decembro de 2025).*
15. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, a presenza de David Basalo para informar do punto 3, e a acollida na Casa das Campás na volta do Pleno a Pontevedra.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (25.11.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá lectura Ernesto Pedrosa a un texto no que reflexiona sobre as competencias e cometidos que atribúe aos Consellos Sociais o artigo 47.2.l) da LOSU, subliñando que a transparencia e a rendición de contas deben ser piares do bo goberno universitario non só porque fortalecen a lexitimidade da institución senón porque garanten que os cidadáns "poidan valorar a eficacia do servizo público da educación superior".



Resalta a importancia dos puntos 3 e 4 da orde do día, por ser o Consello Social o “órgano de participación e representación da sociedade, un espazo de colaboración e rendición de contas no que se interrelacionan coa universidade as institucións, as organizacións sociais e o tecido produtivo”, e engade que esta formulación legal outorga lexitimidade ao labor de control e reforza o papel como interlocutor da sociedade ante o sistema universitario.

“A función supervisora non se limita á fiscalización económico-orzamentaria -afirma- senón que abarca a publicidade de decisións relevantes, a avaliación da xestión institucional e a promoción dunha cultura de apertura en todos os niveles organizativos. É, pois, o órgano chamado a velar porque o sistema universitario dea conta das súas decisións e resultados a quen o financian e o lexitiman: a sociedade no seu conxunto”.

En relación ao punto 3, o presidente sinala que existen entidades independentes que avalían periodicamente o grao de transparencia das universidades, contribuíndo a establecer estándares comúns e facilitar a comparación entre institucións. Cita á Fundación Haz como a máis efectiva e contrastada, e adianta que na análise que acaba de publicar correspondente a 2025 sinálase á UVigo como unha das máis transparentes de España, cun 98% de cumprimento: “Dos 31 indicadores medidos, cumpre 30, quedando só pendente o referido a ter un responsable de *compliance*”, e salienta que neste punto, a Fundación Haz pide que non só se identifique á persoa responsable ou órgano que teña encomendada esta función e as competencias, senón que se especifique a dependencia do Consello Social, como se contempla na LOSU. Matiza que tempo haberá de abordar este asunto cando Galicia elabore a nova lei de desenvolva a LOSU, que definirá como será o sistema de *compliance* nas universidades. (Agradece a David Basalo que presente o informe neste Pleno e dea conta das conclusións das que dispoñen os membros).

Aborda de seguido o punto 4, no que se recolle a auditoría das medidas antifraude, “que amosa un elevado grao de cumprimento da UVigo”, pero que incide tamén nunha gran debilidade que reitera insistentemente ao longo do informe: a ausencia do nomeamento formal da persoa responsable de cumprimento. O presidente afirma que “ven ao caso lembrar o artigo 47.2.I da LOSU, que advirte como función do Consello Social “*Velar por el cumplimiento de los principios éticos y de integridad académica, así como de las directrices antifraude.....*”. Agradece á xerente “que nos informe sobre este asunto”.

Finalmente agradece o traballo da Comisión Económica e o rigor co que analizaron o orzamento da UVigo para 2026, e fai un chamamento a que non se perdan de vista os informes por razón de xénero e de impacto medioambiental “que deben ser tidos en conta por todos os órganos que avalían o orzamento”. Dá a palabra ao presidente da comisión.

Juan M. Vieites, como reflexión previa aos puntos 3 e 4, e ao fío das reflexións do presidente, engade que o informe da Fundación Haz, para fortalecer as funcións dos Consellos Sociais en materia de transparencia e rendición de contas, recolle unha serie de recomendacións, entre outras:

- *Establecer un grupo de traballo específico sobre transparencia dentro do propio Consello Social.*
- *Fomentar a mellora continua dos portais de transparencia institucional, asegurando a actualización, accesibilidade e utilidade pública.*
- *Promover boas prácticas de transparencia e rendición de contas noutras unidades da universidade.*

Manifesta a disposición da Comisión Económica a crear ese grupo de traballo específico sobre transparencia, principiando por canalizar todas as iniciativas relacionadas con ese ámbito.

Valora a boa posición da UVigo no ranking de transparencia, e as conclusións da auditoría de medidas antifraude, polo que se acordou que ambos documentos presentados na comisión fosen dados a coñecer ao Pleno. Pasa a palabra, en primeiro lugar a David Basalo, responsable da Unidade de Análises e Programas da UVigo, “onde se fan posibles en boa medida estes magníficos datos”, e a continuación a Yolanda Lesmes, da que destaca a súa intención de que se faga canto antes a designación dun responsable de cumprimento, tal e como se pronunciou na comisión.



PUNTO 3

Presentación do Informe de Transparencia da Universidade de Vigo 2025. Incidencia do Consello Social. (Comisión Económica do 18.12.2025).

David Basalo agradece a invitación do Consello Social e principia informando da influencia que teñen a transparencia e a responsabilidade social no plan de financiamento das universidades do SUG. Resume as principais conclusións do Informe que sitúan á UVigo na máxima cualificación posible (98% de cumprimento) no exame de transparencia que fai a Fundación Haz, con só un indicador pendente. Aínda que centrado no ámbito público, o documento profunda nas áreas de mellora para todo o sector universitario, en especial na que referencia a ausencia dunha estrutura clara e efectiva de ética e *compliance*, sendo o punto máis crítico o referido ao responsable de *compliance*, se ben non o ten implantado aínda ningunha universidade: ... *"Aunque muchas instituciones disponen de comisiones de ética o convivencia, la ley requiere la creación de un órgano específico para el sistema de compliance en su conjunto, dependiente directamente del Consejo Social. Esta figura, clave para una supervisión independiente y eficaz, es la gran ausente en la estructura de supervisión universitaria"*. (Fundación Haz). Basalo incide na importancia do artigo 47.2.I da LOSU entre as funcións dos Consellos Sociais, e dá conta das recomendacións da Fundación, entre elas que dependa do Consello Social a garantía do bo funcionamento do sistema de *compliance*.

O responsable da Unidade de Análises e Programas da UVigo, mediante o mesmo soporte gráfico, explica tamén os resultados do Informe 2025 de transparencia que elabora a plataforma colaborativa Dyntra, que coloca á UVigo entre as catro primeiras administracións públicas españolas, e dá conta dos seis indicadores que non cumpre dun total de 169.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 4

Informe da Xerencia sobre a Auditoría do Plan de Medidas Antifraude da Universidade de Vigo. (Comisión Económica do 18.12.2025).

Despois de situar o contexto no que foi feita a auditoría, o marco normativo, o obxecto e alcance e a metodoloxía usada, a xerente sintetiza o documento (presentado na Comisión Económica) e achega un resumo do resultados das principais medidas avaliadas, o nivel de cumprimento do PMA e as áreas sobre as que se actuou en gobernanza e antifraude (prevención, detección, corrección e persecución, supervisión e seguimento do PMA, e rexistro documental e rastrexabilidade). Remarca que en liñas xerais o cumprimento máis alto dáse en cuestións substanciais e que o rendemento é "sólido en todos os indicadores clave". Resume que se cumpre en 138 puntos dun total de 152, detectando unha menor resposta en cuestións formais, que atribúe en gran medida a unha falta de normativa homoxénea, en control de xestión e fraude.

Como conclusión, a auditoría constata un "alto grao de cumprimento en deseño normativo e documental", e "unha madurez operativa intermedia" en aspectos como reforzar a coordinación e liderado do sistema ou formalizar o nomeamento do responsable de cumprimento. Yolanda Lesmes declárase satisfeita co diagnóstico.

Neste punto pide a palabra a secretaria xeral da UVigo, quen en resumo –"e por expoñer outro punto de vista"– manifesta que a persoa delegada de *compliance* debería estar dentro da Secretaría Xeral da universidade, e que o artigo 47 non di que deba depender dos Consellos Sociais.

PUNTO 5

Informe do reitor.

Manuel Reigosa aledase polos datos presentados, e destaca que tanto a universidade como o Consello Social "o que queremos é estar o máis arriba posible en transparencia", e salienta que a Xunta dálle un valor máximo ao ranking da Fundación Haz. No mesmo punto di que espera que en breve se poida nomear a un responsable de cumprimento cando avance a elaboración da nova norma autonómica.



Anuncia o reitor o acordo para Medicina que cualifica como “bo para a formación do estudantado, e para todos en xeral”. Explica que agora só falta que dea luz verde o Consello da Xunta, e advirte que haberá unha cláusula de saída individual que permitirá á UVigo, se nalgún intre considera que non se está a cumprir o pactado, dar por finalizado o acordo e pedir a titulación de inmediato. Amplía a información con datos sobre o calendario previsto para levar a cabo a descentralización da docencia ata o curso 2028/2029.

De seguido dá conta doutros asuntos: Memorando de entendemento co Celta para crear un centro adscrito. Actividades, encontros e xornadas de portas abertas para captar alumnado (case 500 estudantes máis elixiron este curso Vigo como primeira opción). Redución da pegada ecolóxica da UVigo ata un mínimo histórico. Iniciativas a prol do galego, traballos no campo da diversidade ou captación de fondos europeos.

Juan Manuel Vieites resume as dúas observacións feitas pola comisión sobre este punto, unha polo cálculo da cifra sobre o gasto non afectado financeiro, e outra polo que se considera un exceso no incremento do teito de gasto respecto do aprobado pola Xunta para 2026. Aclara que sobre ambas cuestións entregóuselle á Xerencia unha táboa comparativa alternativa, e que oídas as explicacións dadas pola xerente, entre outras que o incremento queda por debaixo do 1,6% aprobado pola Xunta, se acordou deixar o documento consonte o criterio da Xerencia e elevar informe favorable ao Pleno.

- ***O Pleno emite informe favorable.***

PUNTOS 6-7

Informe sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2026.

Aprobación, se procede, do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.

O presidente da comisión reporta as dúbidas e reparos que se expuxeron e que motivaron respostas e explicacións que foron aceptadas, polo que se eleva informe favorable. Sinala, con todo, as principais aclaracións solicitadas:

- a) por que a masa salarial que aparece no capítulo I de gastos é superior á masa salarial autorizada pola Xunta, recoñecendo a xerente que o capítulo I “está *tensionado* pero controlado”, e a masa salarial está excedida, explicando as causas e coa previsión de que se reconduza no curso 2028/2029.
- b) por que se prevé un incremento nos ingresos por matrícula, cando a previsión de alumnado vai á baixa. Yolanda Lesmes xustifica a previsión na estimación de crecemento de ingresos na formación permanente, e o aumento de titulacións en matrículas con numerosas vacantes.
- c) por que se utiliza para financiar o orzamento de gastos un remanente de tesouraría de libre disposición de 7.519.534 €, cando o pasado exercicio a cantidade empregada foi cero. Juan Manuel Vieites entrevisté que se parte da premisa de executar remanente de libre disposición, “o que podería causar un desequilibrio no exercicio 2026, situación que en todo momento procuramos evitar dende a comisión, que o remanente de tesouraría dispoñible sexa negativo”. A Xerencia sinala á financiación estrutural como unha das principais causas desta situación, e afirma que se está a controlar o gasto para non incorrer en déficit.

Intervén o reitor neste punto para manifestarse “enormemente tranquilo” cos orzamentos presentados, subliñando que se trata da única universidade galega que establece o teito de gasto e preséntao para o seu control. Agradece o traballo “a fondo” que está a facer a comisión en asuntos económicos, e agradece así mesmo que o Consello Social estea vixiante “pola tranquilidade que tamén aporta”.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 8

Aportacións e suxestións do Consello Social, se proceden, respecto das Normas de execución do orzamento da Universidade de Vigo.

Notifica o presidente da comisión que neste punto fixéronse distintas consideración que concluíron cos seguintes acordos:



A) Disposición adicional primeira

"Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III. No caso de aprobación da prestación dun novo servizo que deba ser obxecto de pagamento dun prezo público polas persoas usuarias, autorízase ao Consello de Goberno a aprobar a tarifa correspondente de xeito provisional ata a aprobación do orzamento do seguinte exercicio."

Solicítase, e a Xerencia acepta, que se substitúa Consello de Goberno por Consello Social, por entender que a autorización ao Consello de Goberno implicaría una minoración das potestades do Consello Social, que é quen ven autorizando os cambios e modificación das tarifas.

B) Disposición adicional segunda

"Autorízase ao reitor a actuar en representación da Universidade de Vigo, para asinar as operacións de empréstito que se tivesen acordado e autorizado polos órganos competentes, segundo o establecido na lexislación vixente".

Solicítase pola comisión, e a xerente accede, que se elimine a disposición, xa retirada en 2025, xa que no caso de precisar acudir a financiación allea habería que solicitar autorización á Xunta e posteriormente o acordo do Consello Social, polo que se entendía que non tiña sentido mantela.

C) Artigo 16

"...a comisión delegada de planificación e asuntos económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás as que, segundo o previsto na Lei orgánica de universidades 2/2023, deba aprobar o Consello Social."

Neste punto acordouse abordar e analizar a cuestión e as súas consecuencias nunha próxima comisión.

Ernesto Pedrosa agradécelle á xerente as respostas dadas neste punto.

- **O Pleno dá a súa conformidade.**

PUNTO 9

Orzamento do Consello Social para o exercicio 2026. Estimación do peche do exercicio 2025.

Exponse a conta para 2026, dáse conta das modificacións e preséntase unha estimación de peche do 82,3% (se finalmente se executasen todos os fondos asignados a actividades planificadas polo Consello Social).

- **Apróbase por asentimento.**

Neste punto, Juan Manuel Vieites remite ao artigo 86.1 da Lei do SUG (*o Consello Social xestionará a súa partida orzamentaria específica, e garantirá en todo caso a suficiencia financeira dos recursos asignados para o cumprimento das funcións, ... a dotación será establecida no plan de financiamento das universidades*), e ao artigo 86.2 (*cada universidade garantirá que o seu Consello Social dispoña do persoal adecuado para o seu funcionamento*), para lembrar que o Consello Social mantén o mesmo orzamento dende hai 14 anos, "e comeza a facerse cada vez máis evidente -engade- a crecente e progresiva actividade que desenvolve, á que empeza a ser difícil dar resposta cos medios actuais, obrigando a recorrer a medidas provisionais continuadas, solucións e apoios externos e outras accións improvisadas que axuden a saír do paso, pero sen evitar picos de saturación, frecuentes tensións operativas e un risco certo de desatender responsabilidades e de que o modelo colapse". Pide que se comece a poñerlle solución, non tanto económica como de recursos humanos, tendo en conta que dispón de dúas persoas cando a gran maioría dos Consellos Sociais -dentro e fóra de Galicia- contan co dobre e ata o triplo de persoal.

Solicita que se teña en conta que os Consellos Sociais veñen incorporando novas competencias, obrigas e compromisos, que xa a LOSU lles recoñece dende unha quintupla perspectiva:

- Como órganos de goberno da universidade
- Como órganos de participación e representación da sociedade
- Como espazos de colaboración universidade-sociedade
- Como instrumento para fomentar unha cultura ética e transparente dentro da universidade
- Como espazos de rendición de contas



Ao fío do dito polo presidente da Comisión Económica, intervén Ernesto Pedrosa para sinalar que “a través da análise dos orzamentos, e das contas, deberase garantir que a universidade actúe con criterios de sostibilidade financeira, eficiencia no uso dos recursos públicos, coherencia estratéxica e transparencia ante a sociedade, e para exercer eficazmente esta competencia, é preciso que o Consello Social conte con apoio técnico especializado, que analice con profundidade os documentos e facilite ao Pleno unha proposta fundamentada. E niso estamos. Pero é imprescindible, e xa case que urxente, que os actuais e escasos recursos que temos se adecúen a cumprir con garantías esas esixencias que cada vez máis se lle demandan ao Consello Social. Queremos exporlle esta situación ao reitor e ao equipo de goberno. Ter só dúas persoas no Consello Social é nestes tempos unha evidente anomalía nos Consellos Sociais españois, e subscribo o dito por Juan Manuel Vieites, e pido que a situación se corrixa coa determinación que requiren tantos anos de inmovilismo e de esforzos, que xa se revelan insuficientes. Pido tamén unha reunión urxente para abordalo, que propicie unha solución inmediata e urxente, e que as solucións se acheguen antes do cambio de goberno universitario, por ter mellor coñecemento, comprensión e dominio da problemática”.

Remata agradecendo e pedindo expresamente que conste en acta o “excelente” traballo que se está a facer polas dúas persoas que compoñen o persoal do Consello Social -nomeadamente polo desempeño administrativo e a execución das tarefas operativas e de xestión- “que son quen de manter unha actividade sobresaínte, e ata aparentemente normalizada pese ás manifestas e frustrantes limitacións nas que se desenvolven”.

PUNTO 10

Asuntos económicos pendentes: Informes solicitados á Xerencia.

O presidente da Comisión Económica describe unha serie de consultas e solicitudes aclaratorias que se remitiron á Xerencia, segundo se lle adiantou no pasado Pleno, e dá conta das respostas, brevemente:

- Estase a traballar en poñer en orde a propiedade e a situación dos diferentes terreos e edificios da UVigo, e dende o Consello Social solicítase que na seguinte Comisión Económica poidamos coñecer os traballos e informes que emita a empresa contratada para esta labor.
- A solución para eliminar a *salvedade* recollida na auditoría respecto do inventario está xa exposta, e agora queda actualizar os datos para que no informe das contas de 2025 quede xa arranxado.
- Está xa preparado un prego de prescricións técnicas para cando se decida poñer en marcha o control horario e a avaliación de desempeño (como teñen implantado xa a UDC e a USC) e cumprir a lexislación. Non se oculta que existen resistencias a levalo a cabo.
- Non se teñen producido avances nas medidas correctoras recomendadas polo Consello de Contas no seu último informe. Si se detectou un retroceso no Fondo de Continxencia que baixa de un millón de euros a 400.000 no orzamento de 2026. Vieites manifesta que a comisión seguirá insistindo no cumprimento e no seguimento dos avances.
- Estanse a producir melloras no control de contratación de investigadores, tal e como recomendaba a auditoría operativa encargada polo Consello Social sobre o capítulo I. Os esforzos focalízanse nos recursos humanos e desenvólvense negociacións en distintas áreas.

O presidente agradece a contestación e información recadada pola Xerencia para atender estas consultas.

PUNTO 11

Outros asuntos: Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin-off NexoInn. Convenios asinados en setembro, outubro e novembro de 2025.

Juan M. Vieites dá conta dos dous últimos asuntos tratados na Comisión Económica do 18 de decembro:

- Respecto da spin-off NexoInn informa que a aprobación inicial dérase na Comisión Económica do pasado 13 de outubro, e que agora se remite a proposta dende o Consello de Goberno para completar o procedemento.
 - ***Apróbase por asentimento.***



- No tocante os convenios informa que non hai ningunha observación relevante.

- **O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 12

Informe que proceda sobre o cambio de denominación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE) polo acrónimo CIDEGA. (Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).

Aclárase que o acrónimo INCIDE -co que inicialmente se recoñeceu o Instituto de investigación en Ciencias do Deporte- xa estaba rexistrado, polo que se optou por mudar a CIDEGA.

- **Infórmase favorablemente.**

PUNTO 13

Informe que proceda sobre o cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) polo de Instituto de Investigación en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial (IFCAE). (Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025).

Revisase a información remitida polo Consello de Goberno e as razóns que xustifican o cambio de nome para evitar solapamentos con liñas de investigación nese eido que se desenvolven en AtlanTTic.

- **Infórmase favorablemente.**

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón da Asociación de Tradutores Galegos á Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 22 de decembro de 2025).

Exposto este punto e vistas as cláusulas do acordo, as circunstancias de cese de actividades, e os fondos, consonte consta na documentación revisada.

- **Apróbase por asentimento.**

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Propón Antonio Macho que se active por parte do Consello Social algún tipo de colaboración para apoiar ao Museo do Médico rural, en Maceda, incluso celebrando unha reunión a unha visita ás instalacións, entendendo que se establece unha boa sincronía coa implantación dos novos estudos de Medicina.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 29 de decembro de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)